

# PLAN DE ACTUACIÓN 2016



FUNDACIÓN AUTISMO CORUÑA



## CONTIDO

1.- PRESENTACIÓN .....	3
1.1- CREACIÓN DA FUNDACIÓN .....	3
1.2- MISIÓN E VALORES.....	3
2.- ACTIVIDADES .....	4
2.1 – USUARIOS CON T.E.A. ....	4
2.2 - RECURSOS HUMANOS EMPREGADOS .....	4
2.3 – LIÑAS DE ACCIÓN .....	5
3.- ACTIVIDADES MERCANTÍS .....	10
4.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPREGAR POLA FUNDACIÓN.....	11
5.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTER POLA FUNDACIÓN .....	12
5.1 – PREVISIÓN DE INGRESOS A OBTER POLA FUNDACIÓN .....	12
5.2 – PREVISIÓN DE OUTROS RECURSOS ECONÓMICOS A OBTER POLA FUNDACIÓN.....	12
5.3 – PREVISIÓN DE CONVENIOS CON OUTRAS ENTIDADES.....	12



## 1.- PRESENTACIÓN

### 1.1-CREACIÓN DA FUNDACIÓN

A Fundación Autismo Coruña (F.A.C.) crease coa finalidade de ofrecer protección e asistencia global ás persoas con Autismo (Trastorno Espectro Autista – T.E.A.) e ó seu entorno máis próximo.

De este xeito, a Fundación, protexe o benestar dos usuarios e do núcleo familiar proporcionándolles unha calidade de vida plena e axudándolles a superar as limitacións que se poidan encontra o longo da súa vida.

Foi constituída en escritura pública o 4 de febreiro de 1999, ante o Sr. Notario D.Xosé M. Sánchez – Andrade Fernández, na cidade de A Coruña.

Está clasificada como organización de Interese Benéfico – Asistencial, adscrita á Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, segundo a orde do 13 de abril de 1999 (DOG nº78 do 26 de abril de 1999).

Declarada de Interese Galego, segundo a Orde do 24 de maio de 1999 e inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego (GOG nº105 do 3 de xuño de 1999).

Ademais, a Fundación, está recoñecida como Fundación Tutelar dentro das entidades que colaboran coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e incluída no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPPS) como “Servizo de Promoción da Autonomía Persoal: Información, Orientación e Formación a Familiares”.

A Fundación Autismo Coruña, ten os seguinte datos de contacto:

DATOS DE CONTACTO	
<b>CIF</b>	G - 15.681.919
<b>Dirección</b>	Camiño da Igrexa, 40 baixo, 15009, A Coruña
<b>Teléfono</b>	981 13 05 53
<b>Correo Electrónico</b>	autismocoruna@yahoo.es
<b>Páxina Web</b>	www.autismocoruna.org

### 1.2-MISIÓN E VALORES

A misión da Fundación céntrase no acompañamento ás persoas con autismo e ás súas familias no seu proxecto de vida, atendendo ás súas necesidades para mellorar a súa calidade de vida e acadar o máximo benestar posible de toda a unidade familiar.

Os valores establecidos pola Fundación dende a súa constitución, son:

- Flexibilidade: adaptación ás circunstancias de cada un dos usuarios.
- Participación: fomento da colaboración de todo o equipo da Fundación para ofrecer o mellor servizo.
- Positividade: Entusiasmo e actitude positiva no desenvolvemento do noso traballo.
- Individualización e respecto: analizar cada caso considerando as súas características distintivas.
- Calidade: proporcionar un servizo adecuado ás necesidades que ten cada usuario ó longo da súa vida.
- Calidez: facer que o usuario e a súa familia se sintan aroupados pola Fundación.



**2.- ACTIVIDADES**



**2.1 – USUARIOS CON T.E.A.**

SERVIZO PROMOCIÓN	
Atención Temperá	57
Estratexias	32
<b>Total</b>	<b>89</b>

SERVIZO CENTROS	
Colexios	118
Centro de Atención Diurna	52
Centro de Atención Residencial	55
<b>Total</b>	<b>225</b>



**2.2 - RECURSOS HUMANOS EMPREGADOS**

	PROTECCIÓN XURÍDICA		PROTECCIÓN SOCIAL		COMUNICACIÓN		FORMACIÓN		SOSTENIBILIDADE E XESTIÓN		TOTAL
	Nº Persoas	Nº Horas / Ano	Nº Persoas	Nº Horas / Ano	Nº Persoas	Nº Horas / Ano	Nº Persoas	Nº Horas / Ano	Nº Persoas	Nº Horas / Ano	
Persoal Asalariado Previsto	3	865	3	1557	3	477	3	217	3	779	3894
Persoal con Contrato de Servizo Previsto	0	0	0	0	0	0	0	0		0	0
Persoal Voluntario Previsto	0	0	0	0	0	0	0	0		0	0
<b>Total Persoal Previsto</b>	<b>3</b>	<b>865</b>	<b>3</b>	<b>1557</b>	<b>3</b>	<b>477</b>	<b>3</b>	<b>217</b>	<b>3</b>	<b>779</b>	<b>3894</b>

2.3 – LIÑAS DE ACCIÓN

EIXO: PROTECCIÓN XURÍDICA	
<b>G R U P O S  D E  I N T E R E S</b>	<b>PERSONAS CON T.E.A.</b>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Fomentar un ambiente de colaboración entre a fundación tutelar e a entidade onde residan os tutelados.</p> <p><b>Acción 1:</b> Elaborar un manual de boas prácticas en consenso cos profesionais do centro onde residen os tutelados, a fin de unificar criterios.</p> <p><b>Acción 2:</b> Levar a cabo os aspectos desenrolados no manual (implantación) e correxir ás desviacións surxidas.</p> <p><b>Indicador:</b> Elaboración do manual de boas prácticas.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Creación de 1 manual de boas prácticas, asinado , por cada centro onde residan os tutelados e a FAC.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Velar por cada un dos tutelados coa dilixencia dun bo pai de familia.</p> <p><b>Acción 1:</b> Xestionar e administrar o patrimonio.</p> <p><b>Acción 2:</b> Establecer protocolos de actuación.</p> <p><b>Acción 3:</b> Seguimento da situación social, persoal e sanitaria.</p> <p><b>Acción 4:</b> Relación constante e fluída cos profesionais do centro onde residan.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de contactos cos profesionais do centro onde residen os tutelados.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Mínimo dun contacto semanal co centro (telefónico ou persoal).</p>
	<p><b>OBXECTIVO 3:</b> Establecer e consolidar vínculos afectivos cos tutelados a fin de que teñan unha figura de referente persoal.</p> <p><b>Acción 1:</b> Realizar actividades de ocio e saídas polo entorno.</p> <p><b>Acción 2:</b> Atender directamente as demandas de cada tutelado (mercar roupa, celebración de cumpreanos, acompañamentos médicos....).</p> <p><b>Indicador:</b> N° de visitas e acompañamentos.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Mínimo 1 visita ou acompañamento o mes, salvo demanda doutras necesidades.</p>
	<b>FAMILIA</b>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Establecer coa familia un plan de futuro para o seu fillo con autismo.</p> <p><b>Acción 1:</b> Informar e asesorar xurídicamente en materia de capacidade de obrar e testamentos.</p> <p><b>Acción 2:</b> Trasmitir sensación de tranquilidade e seguridade.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de tramitacións de modificacións da capacidade de obrar. N° de testamentos.</p> <p><b>Cuantificación:</b> O 100% das persoas que acadan a maioría de idade. Nomeamento da Fundación nun mínimo de 3 testamentos.</p>
<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Protexer futuras situacións de desamparo.</p> <p><b>Acción 1:</b> Ofrecer especial atención a aquelas persoas con autismo que se atopan a cargo dos seus pais de idade avanzada.</p> <p><b>Indicador:</b> Número de persoas con TEA con pais de idade avanzada.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Se atenderá ao 100% das persoas que se atopan nesta situación.</p>	



EIXO: PROTECCIÓN SOCIAL		
<b>G R U P O S</b>	<b>PERSOAS CON T.E.A.</b>	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Garantir que todas as persoas con autismo teñan acceso o sistema público de protección.</p> <p><b>Acción 1:</b> Tramitación do certificado de discapacidade.</p> <p><b>Acción 2:</b> Tramitación do recoñecemento de dependencia.</p> <p><b>Acción 3:</b> Tramitación dos demais beneficios derivados da discapacidade e dependencia.</p> <p><b>Acción 4:</b> Elaboración do carné de recursos.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de tramitacións realizadas. N° de carné de recursos realizados.</p> <p><b>Cuantificación:</b> O 100% dos usuarios teñen acceso o servizo público. O 100% dos usuarios teñen o carné de recursos.</p>
<b>D E I N T E R E S</b>	<b>RESPONSA- BLE LEGAL</b>	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Ofrecer unha atención completa na área de protección social ás familias.</p> <p><b>Acción 1:</b> Facilitar a resposta ante requerimentos, xustificacións, caducidades e demais obrigas cara á administración.</p> <p><b>Acción 2:</b> Escoita activa das necesidades de cada familia buscando o recurso máis axeitado.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de familias que demanda o servizo.</p> <p><b>Cuantificación:</b> O 100% das familias serán atendidas.</p>
		<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Realizar unha intervención de calidade.</p> <p><b>Acción 1:</b> Recopilar, analizar e realizar un seguimento exhaustivo da lexislación e normativa vixente en materia de servizos sociais.</p> <p><b>Acción 2:</b> Crear unha enquisa de satisfacción como medida da calidade do servizo.</p> <p><b>Indicador:</b> Resposta positiva ás demandas prantexadas.</p> <p><b>Cuantificación:</b> O 85% dos usuarios que demandan un servizo teñen unha resposta superior a un 7 na enquisa.</p>

EIXO: COMUNICACIÓN	
<b>ENTORNO LEGAL E SOCIAL</b>	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Incrementar ás relacións coas entidades de ámbito legal que traballan na área de actuación, para que coñezan de primeira man a nosa labor como Tutores.</p> <p><b>Acción 1:</b> Levar a cabo unha reunión co Xulgado e Ministerio Fiscal de Ferrol, para tratar os temas dos Tutelados.</p> <p><b>Acción 2:</b> Levar a cabo unha reunión, con cada un dos Xulgados onde se tramitaría a tutela dos Pre-tutelados.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de reunións cos distintos Xulgados e Fiscalías.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Realización dunha reunión anual con cada Xulgado.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Manter relación directa cos traballadores e responsables das Administracións Públicas que están implicadas no traballo dirarrio da Fundación.</p> <p><b>Acción 1:</b> Manter contacto, persoal ou telefónico, cos diferentes departamentos da Xunta de Galicia (Dependencia, Equipo de Valoración de Discapacidad, Pensións No Contributivas, Familias Numerosas, Menores, etc)</p> <p><b>Acción 2:</b> Manter contacto, persoal ou telefónico, cos departamentos do Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS).</p> <p><b>Acción 3:</b> Manter contacto, persoal ou telefónico, cos departamentos do Sergas.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de contactos levados a cabo.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Realizar unha xestión semanal con estas Administracións.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 3:</b> Manter e mellorar a coordinación con outros axentes sociais do noso entorno, para aproveitar as sinerxias existentes.</p> <p><b>Acción 1:</b> Reunións periódicas de Traballadoras Sociais das entidades do entorno.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de reunións realizadas por este grupo de profesionais.</p> <p><b>Cuantificación:</b> 4 reunións ó ano (1 reunión en cada trimestre, aproximadamente)</p>
<b>GRUPO DE INTERESES</b>	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Dar a coñecer a Fundación para poñer en valor a xestión da entidade.</p> <p><b>Acción 1:</b> Mellora da páxina web da Fundación.</p> <p><b>Acción 2:</b> Elaboración dunha guía de comunicación interna onde se defina o contido, o obxectivo e a forma das mensaxes.</p> <p><b>Acción 3:</b> Participar de maneira mais activa nas redes sociais (Facebook).</p> <p><b>Acción 4:</b> Xestionar encontros coas administracións públicas que nos conceden subvencións (Concello, Deputación, etc)</p> <p><b>Indicador:</b> Realización de cada unha das accións.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Modificación da páxina web. Creación de guía de comunicación. Incremento do 50% na cantidade de seguidores no facebook. 1 encontro co alcalde de A Coruña e 1 encontro co presidente da Deputación de A Coruña.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Manifestar a participación do Padroado nas actividades da Fundación.</p> <p><b>Acción 1:</b> Elaboración dun protocolo interno onde se determinen as funcións dos Patronos en temas de representación institucional, como declaración de boas prácticas.</p> <p><b>Indicador:</b> Creación da guía de protocolo.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Elaboración de, como mínimo, unha guía de protocolo.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 3:</b> Fomentar as xuntanzas e alianzas con outras entidades tutelares (FUNGA, Fundación Adcor, Fundación Tutelar Aspronaga, etc)</p> <p><b>Acción 1:</b> Acudir ás charlas e obradoiros xestionados polas demais entidades tutelares.</p> <p><b>Acción 2:</b> Invitación por parte de Fundación, os representantes das outras Fundacións Tutelares para manter un contacto mais directo.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de actos nos que a Fundación está presente.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Acudir a 2 charlas ou obradoiros. Reunirse con 2 Fundacións.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 4:</b> Colaboración en actividades de sensibilización sobre os TEA.</p> <p><b>Acción 1:</b> Participación dos membros da FAC nas actividades realizadas polas organizacións do entorno con este fin (Aspanaes, Federación Autismo Galicia, etc)</p> <p><b>Indicador:</b> N° de eventos nos que se participa.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Participar nun mínimo de 4 eventos.</p>



EIXO: FORMACIÓN	
G R U P O S  D E  I N T E R E S	<b>PERSOAS CON T.E.A. Y FAMILIA</b>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Formar en materia xurídica, tratando temas relacionados coa incapacidade, a pre-tutela e a tutela, o testamento, etc.</p> <p><b>Acción 1:</b> Realizar unha Xornada Xurídica no primeiro semestre do ano contando coa intervención de expertos nestas materias.</p> <p><b>Acción 2:</b> Creación e distribución entre ó público obxectivo dun díptico informativo sobre a Xornada Xurídica.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de participantes.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Asistencia de, como mínimo, 20 persoas.</p>
	<b>DESEMPEÑO PROFESIONAL</b>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Formar en materia social, expliando cuestións relacionadas coas prestacións económicas (características, solicitude, xustificación, etc)</p> <p><b>Acción 1:</b> Realizar unha Xornada Social no segundo semestres do ano contando coa intervención de expertos nesta materia.</p> <p><b>Acción 2:</b> Creación e reparto entre ó público obxectivo dun díptico informativo sobre a Xornada Social.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de participantes.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Asistencia de, como mínimo, 20 persoas.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Manter a formación na área de Traballo Social.</p> <p><b>Acción 1:</b> Participar en cursos, xornadas, etc relacionadas coa temática de traballo social.</p> <p><b>Acción 2:</b> Participar nas charlas informativas xestionadas polas Administracións Públicas (Seguridade Social, Dependencia, etc)</p> <p><b>Acción 3:</b> Utilizar os créditos da Fundación Tripartita para realizar cursos que sexan de interés para o desenvolvemento do traballo.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de cursos, xornadas, etc realizadas pola Traballadora Social.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Asistencia a un mínimo de 10 eventos de esta índole.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Manter a formación na área de Administración e Xestión.</p> <p><b>Acción 1:</b> Participar en cursos específicos de contabilidade, fiscalidade y ferramentas de office.</p> <p><b>Acción 2:</b> Participar nas charlas informativas xestionadas polas Administracións Públicas (Facenda).</p> <p><b>Acción 3:</b> Utilizar os créditos da Fundación Tripartita para a realización de cursos que sexan de interes para o desenvolvemento do traballo.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de cursos, xornadas, etc realizadas polo persoal de administración.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Asistencia a un mínimo de 7 eventos de esta índole.</p>





EIXO: XESTIÓN E SOSTENIBILIDADE	
<b>GRUPOS DE INTERES</b>	<b>XESTIÓN ECONÓMICA E BOAS PRÁCTICAS</b>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Xestionar con dilixencia os ingresos e os gastos (Elaboración e análise dos Presupostos)</p> <p><b>Acción 1:</b> Estimación dos ingresos que se poidan obter cunha mínima seguridade.</p> <p><b>Acción 2:</b> Establecer as inversións/gastos que se van a realizar o longo do ano, determinando a que área pertencen.</p> <p><b>Acción 3:</b> Solicitar diferentes presupostos para establecer unha relación calidade/servizo-prezo (no caso das inversións).</p> <p><b>Acción 4:</b> Facer unha revisión das posibles desviacións establecendo a súas causas.</p> <p><b>Indicador:</b> Desviación dos presupostos anuais.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Non superar unha desviación sen xustificar do 10% do presuposto establecido.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Mantemento da transparencia económica da Fundación.</p> <p><b>Acción 1:</b> Continuar co proceso de auditoría contable da entidade.</p> <p><b>Acción 2:</b> Renovar certificacións LOPD.</p> <p><b>Indicador:</b> Realizar as auditorias.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Realizar a auditoría contable no prazo establecido legalmente e facer a auditoría bienal de protección de datos.</p>
	<p><b>OBXECTIVO 3:</b> Informar con transparencia e responsabilidade.</p> <p><b>Acción 1:</b> Publicación, na páxina web da Fundación, as contas anuais, o resultado da auditoría, e a memoria de actividades.</p> <p><b>Acción 2:</b> Publicación en outras plataformas (ex. RUEPSS) os documentos necesarios.</p> <p><b>Acción 3:</b> Envío da memoria de actividades a tódolos usuarios, entidades públicas e privadas coas que se ten relación.</p> <p><b>Acción 4:</b> Facilitar calquera de estes documentos a aquelas persoas ou entidades que o soliciten.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de plataformas onde se expoñen estes documentos. N° de familias, administración e entidades privadas que reciben a nosa información.</p> <p><b>Cuantificación:</b> N° de persoas ou entidades que soliciten información. Presentar os documentos na páxina web e RUEPSS. O 100% dos usuarios e das administracións locais. O 100% dos solicitantes de información deben recibila.</p>
	<b>SOSTENIBILIDADE</b>
	<p><b>OBXECTIVO 1:</b> Incrementar as doazóns de persoas físicas.</p> <p><b>Acción 1:</b> Explicar ás familias a importancia de facer unha doazón.</p> <p><b>Acción 2:</b> Crear un díptico con información e unha inscrición como doante.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de novos doantes.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Incrementar no 10% o número de doantes.</p>
<p><b>OBXECTIVO 2:</b> Mantemento das subvencións públicas.</p> <p><b>Acción 1:</b> Mellorar os proxectos das subvencións públicas.</p> <p><b>Indicador:</b> Cantidade económica concedida.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Manter ou incrementar nun 5% as cuantías do ano 2015.</p>	
<p><b>OBXECTIVO 3:</b> Incremento das subvencións privadas.</p> <p><b>Acción 1:</b> Creación dun proxecto que poña en valor a actividade da Fundación.</p> <p><b>Acción 2:</b> Presentación do proxecto as convocatorias privadas que se adapten a ocupación da Fundación.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de subvencións privadas.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Conseguir unha colaboración de entidade privada.</p>	
<p><b>OBXECTIVO 4:</b> Busqueda de recursos económico por parte da FAC.</p> <p><b>Accións:</b> Bucar fondos promovendo convenios de colaboración coas entidades locais, públicas ou privadas.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de convenios firmados.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Conseguir, como mínimo, un convenio.</p>	
<p><b>OBXECTIVO 5:</b> Xestionar o patrimonio da Fundación para maximizar o seu rendemento.</p> <p><b>Acción 1:</b> Crear un plan de tesourería onde se establezan os gastos mínimos mensuais e os recursos necesarios para sufragalos.</p> <p><b>Acción 2:</b> Buscar produtos financeiros de aforro para sacar rendabilidade o exceso de liquidez actual.</p> <p><b>Indicador:</b> N° de produtos financeiros contratados.</p> <p><b>Cuantificación:</b> Contratar un produto de aforro bancario.</p>	



### **3.- ACTIVIDADES MERCANTÍS**

A Fundación Autismo Coruña, non leva a cabo ningunha actividade mercantil.

**4.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A EMPREGAR POLA FUNDACIÓN**

Gastos/Investimentos	PROTECCION XURÍDICA	PROTECCION SOCIAL	COMUNICACIÓN	FORMACIÓN	XESTIÓN E SOSTENIBILIDADE	TOTAL
Gastos por axudas e outros						- €
a) Axudas monetarias	- €	- €	- €	- €	- €	- €
b) Axudas non monetarias	- €	- €	- €	- €	- €	- €
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	- €	- €	- €	- €	150,00 €	150,00 €
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Aprovisionamentos	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Gastos de persoal	11.929,24 €	26.243,67 €	11.174,54 €	1.869,80 €	7.739,22 €	58.956,47 €
Outros gastos de explotación	1.723,83 €	3.323,25 €	3.255,33 €	745,50 €	7.726,25 €	16.774,16 €
Amortización do Inmobilizado	698,50 €	1.746,26 €	523,88 €	349,25 €	174,63 €	3.492,52 €
Deterioro e resultado por venda de inmobilizado	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Gastos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Diferenzas de cambio	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Deterioro e resultado por venda de instrumentos financeiros	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Imposto sobre beneficios	- €	- €	- €	- €	- €	- €
<b>Subtotal gastos</b>	<b>14.351,58 €</b>	<b>31.313,18 €</b>	<b>14.953,75 €</b>	<b>2.964,56 €</b>	<b>15.790,09 €</b>	<b>79.373,15 €</b>
Adquisicións de Inmobilizado (excepto Bens Patrimonio Histórico)	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Adquisicións de Bens Patrimonio Histórico	- €	- €	- €	- €	- €	- €
Cancelación débeda non comercial	- €	- €	- €	- €	- €	- €
<b>Subtotal investimentos</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>
<b>TOTAL RECURSOS EMPREGADOS</b>	<b>14.351,58 €</b>	<b>31.313,18 €</b>	<b>14.953,75 €</b>	<b>2.964,56 €</b>	<b>15.790,09 €</b>	<b>79.373,15 €</b>

**5.- PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENER POLA FUNDACIÓN****5.1 – PREVISIÓN DE INGRESOS A OBTENER POLA FUNDACIÓN**

<b>INGRESOS</b>	<b>Importe total</b>	<b>Realizado</b>
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	- €	- €
Ventas e prestacións de servizos das actividades propias	- €	- €
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	- €	- €
Subvenciones do sector público	43.563,95 €	- €
Axudas privadas	33.524,00 €	- €
Outro tipo de ingresos	2.285,20 €	- €
<b>TOTAL INGRESOS PREVISTOS</b>	<b>79.373,15 €</b>	<b>- €</b>

**5.2 – PREVISIÓN DE OUTROS RECURSOS ECONÓMICOS A OBTENER POLA FUNDACIÓN**

Non se ten previsto asumir ou contraer ningunha débeda ou obriga financeira.

<b>OUTROS RECURSOS</b>	<b>Importe total</b>	<b>Realizado</b>
Débedas contraídas		
Outras obrigas financeiras asumidas		
<b>TOTAL OUTROS RECURSOS PREVISTOS</b>	<b>- €</b>	<b>- €</b>

**5.3 – PREVISIÓN DE CONVENIOS CON OUTRAS ENTIDADES**

A Fundación non ten previsto establecer convenios con outras entidades.

<b>DESCRIPCIÓN CONVENIO PREVISTO</b>	<b>Ingresos</b>	<b>Gastos</b>	<b>No produce corrente de bens y servizos (poñer unha X)</b>
Convenio 1. Coa entidade (X), suscrito para ...			
Convenio 2. Coa entidade (Y), suscrito para ...			
Convenio 3. Coa entidade (Z), suscrito para ...			

En A Coruña, a 23 de novembro de 2015

O secretario do Padroado

VºBº O Presidente do Padroado

Asdo: Francisco Javier López González

Asdo: Eduardo Riestra Rodríguez – Losada